


**D. Francisco da Silva Vello**, na súa condición de portavoz do Grupo Político Municipal do **BNG** no Concello das Pontes, e na súa representación, presenta a seguinte

## **MOCIÓN PARA RECLAMAR O PAGO DA DÉBEDA DO ESTADO COAS PONTES DERIVADA DA EXECUCIÓN DO PLAN DO CARBÓN 2006-2012.**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O ámbito temporal do Plan Estatal de Reserva Estratéxica do Carbón 2006-2012 e Novo Modelo de Desenvolvemento Integral y Sostíbel das Comarcas Mineiras, coñecido tamén como Plan do Carbón ou Miner II, rematou o 31 de decembro de 2012.

Segundo a documentación entregada pola Xunta en resposta a unha pregunta do Grupo Parlamentar do BNG, a 27 de abril de 2012 o Instituto para a Reestruturación da Minería do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras (en adiante IRMC) asignara a Galiza 80,52M€, cun grao de execución do 26,16%, uns 21,07 M€ comprometidos.



No caso das Pontes, tiña pendentes 17 infraestruturas por un importe de 53,385M€, preto do 77% do total. Para o Concello a situación das infraestruturas é a que se reflicte no seguinte cadro:

<b>PROXECTOS</b>	
<b>(PENDINTES DE QUE SE HABILITE PARTIDA E SE NOS ENVIEN PARA FIRMA)</b>	<b>10.100.000</b>
Edificio multifuncional	5.000.000
Actuación s/Polígono Airios	2.800.000
Actuación zona Rebardille	800.000
Equipamento servicio para PEMES	1.400.000
Oficina recolocacion (PENDIENTE MODIFICACIÓN CONVENIO)	100.000



PROXECTOS (PENDIENTES CONVENIOS A TRES BANDAS)	34.732.000
Xerátrico	5.700.000
Desenv. Solo industrial Penapurreira	23.758.000
Estrada Airios-Momán	1.200.000
Equipamento zona Deportiva Canle IV	600.000
Museo minería	2.000.000
Melloras Pol.Penapurreira	227.000
Dotación infraestrutura Gas os Airios	1.247.000
PROXECTOS 2012 (PENDIENTES INCLUSION EN PROTOCOLO)	9.999.826
Adquisición de Terreos Aparral para promoción solo industrial	3.852.000
EDAR poligono penapurreira	1.400.000
Centro Integral para persoas con discapacidade	1.904.707
Sanemento en Villerma, Espifaredo e 1ª fase de Bermui	363.119
Paseo fluvial lago de As Pontes (casilla-Alimpadoiros)	2.280.000
Oficina recolocación As Pontes	200.000
<b>TOTAL</b>	<b>54.831.826</b>

O custe da redación de proxectos contratados polo Concello é de 440.760,88€.

Por Resolución Núm. 285/2012 do Concelleiro-Delegado de Facenda, Urbanismo e Persoal, o Concello adxudicou o contrato de apertura de conta corrente operativa para a recepción e xestión dos fondos provenientes do Plan Miner á entidade Banco Santander S.A., na que non se ten rexistrado ingreso algún.


Os orzamentos xerais do estado para 2013 (lei 17/2012, do 27 de decembro), fixan transferencias de capital ao IRMC para infraestruturas en comarcas mineiras do carbón por un total de 42,27 M€ (41,20 a CCAA; 0,47 a EELL; 0,60 a familias e institucións), que representa o 77% do total recoñecido polo Concello.

Por iso, solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes

### ACORDOS

- Incluír** ao IRMC e/ou, subsidiariamente, ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, na **listaxe de debedores** do Concello das Pontes.
- Solicitar** entrevistas da Xunta de Portavoces co Ministro de Industria, Enerxía e Turismo, e co Conselleiro de Innovación e Industria.
- Facultar** ao Alcalde para o desenvolvemento dos presentes acordos.

As Pontes, 08 de xaneiro de 2013  
O PORTAVOZ DO G.P.M. DO BNG



Asdo.: Francisco da Silva Vello

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DAS PONTES.**